

hay, pues, en esos sonidos la pronunciacion gutural fuerte propia del castellano; pero que está excluida enteramente del gallego como extrangera del idioma. La vocal que se vea con acento grave, se pronunciará abierta; y con el acento agudo (é) se pronuncia cerrada, así como generalmente toda vocal que no lleve uno ni otro. Acento agudo en mayúscula, la abre. Por último, el apóstrofe ó coma al aire (\*) que se pone al fin de una palabra en que se ha suprimido vocal, indica que esa palabra en la lectura forme un solo cuerpo con la palabra inmediata siguiente, cual si no mediase espacio entre una y otra; así *dend' o*, se leerá *dendo*. Estas son las principales indicaciones que debíamos hacer a fin de que se lea cual corresponde la siguiente produccion y se saque de ella la inteligencia necesaria.

## A° GALICIA.

Misit dives Gallaecia pubem.

Fermoso labrador que sin cansazo  
Fas recachar o mundo, e mil primores  
Germolla a feixes por un mar de fróres  
Con só quencelo ti dend' o teu pazo:  
Ti que o calor difundes po lo espazo  
Brillante Febo que de côte giras  
Cheo de luz po lo alto firmamento,  
Sin que as edades fagan decremento  
No foco inmenso de que fogo tiras:  
Notorio decamento,  
Froron dourado po lo azul dos céos  
Que asi confunde a impios com'a atéos  
Ti que benino a miña terra miras  
Caris lle póndo alegre de contento,  
A Deus lle pide por un breve instante  
Que lle dé forza a meu cativo alento  
Porque louores a GALICIA cante.

De Finisterre ó monte Parafita,  
De Santa Tecla ó cabo de Ortegale  
Hay o tallon de terra mais bonita  
Que España tén ó norte occidental.  
Bañana toda caudalosos ríos  
Cadoiros e torrentes,  
Que ó cair de curutos e vertentes  
Borbollando escumoso los seus brios  
Freixas de prata po lo fondo corren  
Fasta chegar ó mar a donde morren.

Xorreiras de linita  
Regálanlle as entrañas, e na tóna  
Debroalla o paramento de verdura  
C' o amor de Frora, Ceres e Pomona.  
Rescenden po los ares os olores  
Das herbas e das fróres,  
Se mecen a maréas as espigas,  
E entre tal variedade de colores  
Mimosa randa a freba das estrigas.  
Penduran ricas froitas das froiteiras,  
Abondan as madeiras  
Nos soutos e débesas e folgadas  
Con vigas muy liñeiras  
De valentes toradas;  
E resóa o halbordo dos pinales  
Como de côte berra o mar na costa  
Batendo as ólas contra os areales.

Paxáros infinitos rebulindo  
No tempo desque vén a Candeloria  
Nas ponlas e singelos penduricos  
Cantan qu' é unha gloria  
Alboradas de muitos repinicos.  
De pólos e de pitos  
De galos e galiñas hay a pote  
De óvos se facendo muito lote  
Que para fóra vai en cargamento;  
De barato alimento  
Perdices, e coenllos, e mais caza  
Sempre está chea a praza,  
De todo comedible, e mantimento,  
De canto se magine de comida,  
Sustancia, de fartura e bó sustento  
E regalo á apetencia de esta vlda.

Hay bos viños de corpo que apresentan  
De branco e mais de tinto varios córes  
De agullas, refrescantes, turruxeiros,  
Que poden se repór ós mais primeiros  
Prezados po los Reis e Emperadores.  
¡De Amandi, de Castrelo, e Valdeorras  
Que viño de sabor e cacheteiro!  
¡Que rico é o tostado e paladeiro!  
Se poden abillar as mesmas borras  
Dos viños esquisitos do Ribeiro.

Nas granjas branquexean os pombales  
Que niños son de amor e de inocencia  
E ó longe dan sinales  
Da paz do campo don da Providencia,  
Voando brancas, pombas ó redore  
Cal anjos de purísimo candore.  
E no abrigo por sitios muy sollosos  
En ringle estan curtizas das sobreiras  
De donde sán (1) enxames numerosos  
De abellas sin cesar traballadeiras,  
Que voan espalladas e zoando  
Fozuras van sacando  
Das herbas e das fróres,  
Nos dando as habilosas frabiqueiras  
De valde os sens suores,  
De mèl e mais de cera por mancheas  
Productos delicados nas enteas.

Multitude de ovellas e carneiros  
De crabas, e castrons, crabitos, años.  
Pastando vai nos montes en rebaños  
Subindo ás cotorelas e ós outeiros;  
E nas chouzas e veigas e nos prados  
Os maiores ganados.  
¡Que vacas tan leiteiras!  
¡Que becerros engorda o seu leitiño!  
¡Que bois os de Laíño!  
N' é milagre que as bulas estrangeiras  
A mercalos nos sayan ó camiño.

De vácaros tamen hay muito gando  
De un inzo prodigioso e muy frecoente,  
E c' a fariña e landres se cebando  
Acódeelle na feira muita gente;  
Sendo cousa evidente  
Qu' é muy prezado alá po las Castelas,  
Jamon de Lugo e mai lo de Caldelas.

De mulas e cabalos a milleiros  
De aguante e corredores,  
Por chanxo e costa arriba gaveadores  
Puxando por quedar sempre dianteiros  
Asi ja son citados de primeiros  
Nas festas que dispuxo Escipión,  
Decindo Silio Itálico gabando  
Que voaba o caláico Lampon. (2)

¿E que direi do abondo de pescado  
Que Tétis bóta aqui o regazo cheo?

(1) Por saben.

(2) Sil. Ital. De bell. pun. lib. 16.

Non hay no mundo un povo regalado  
Por natureza com' o meu terreo.  
Navallas, bucareus, e caramujos,  
Parrochas, birbirichos, e barbadas  
Percebes, panchos, pragos e curujos  
Alfóndegas, e pirlos, e pescadas,  
Samborcas, pintarroxas, zamoriñas,  
Jarretas, sollas, brècas,  
Ameijas e fanècas  
Escachos, lapas, lirios, e anduriñas,  
Rañartes, congros, chòcos, e carneiros,  
Panchoces, chèrlas, èxes, peixespadas,  
Besugos e douradas,  
Crabudos, bertorellas, e pateiros,  
Escalos, arroaces,  
Eiròas, robalizas, e basocas,  
Praguetas, e jurelos, e sardiñas,  
Centolas, bois, atûns, e barallocas,  
Sabenlas, pintos, lorchas, e zancados,  
Bonitos, lirpas, mendos, cabaliños,  
Vieiras, e corniños,  
Torpédos tabirons, pombos, lenguados,  
Ourizos, ollos moles, sanmartiños,  
Anguias, tranchos, crabas, jardas, ostras,  
Buraces, e touriños,  
Maròlos, tingas, luras, e lagostras,  
Robálos, rodaballos, e moreas,  
Salmons, e troitas, muges, e corbiñas.  
Doncellas, camarons, e mais lampreas,  
Beltráns, e longueiróns, rayas, buguinhas,  
E mèlgas, anguiachos, caranguexos,  
E nècoras, e pulpos, e badêxos.

A mais de todo eso a miña terra  
De minas de metales un tesouro  
Fechado nas entrañas inda cerra,  
Correndo po lo Sil pibodas d' ouro.  
Mais inda o tén maior na gran bondade  
Do clima tan mimoso,  
Que a gente é forte, san, de muita dura,  
E facilmente o enfermo se precura,  
Pois nin o vran (1) n' inverno é riguroso  
Por eso nas edades ja pasadas  
Correndo aquela sóna  
Colocaban as Illas Fortunadas  
Nas Illas de Bayona. (2)  
Por eso foi notorio e saben todos  
Como certa noticia,  
Que a este chan saudoso de GALICIA  
Se viñan a criar os Reyes Godos.

Pois con taes elementos, ou GALICIA,  
¿Porque se me apresenta a tua image  
C' os cabelos voando despargidos,  
Desarrombado o trage,  
C' os ollos mornos, tristes e afrigidos?  
¿Dos tempos que son idos  
Alémbrache a tua lanza tan temida  
Que o lexos centellaba,  
E o mais valente peito amedrentaba  
Si a voz dabas de guerra  
Atroando nos fondos e na serra?  
¿Alémbranche os aceiros tan gabados  
Das hostes africanas,  
Que os fillos teus pediron, e levados  
A Annibal He lograron o renome  
De vencedor de Canas?  
¿Alémbrache que Roma poderosa  
Leirar tuvo contigo centos d' anos,  
E que Bruto chamábase o Galego  
Soberbio e fachendoso entre os Romanos?  
¿Alémbrache de aqueles inimigos  
Ferozes e tiranos,  
Que cal maréas viñan en legions  
Topando nos teus fillos con leons?

(1) Por Verán.

(2) Ortelio, Morales, Sarmiento.

Os mesmos inda son, nobre GALICIA,  
Que nunca o pè na guerra alras volveron  
Anque dèz se tirasen contra cento.  
Con valeroso alento  
Seus lares e sua patria defendian,  
E si a loitar morrian.  
Tamen o forte empuxe do seu brazo  
De nervos com' o ferro.  
De capitón a tombos reboladas  
Para un immenso enterro  
Caían as legions descartizadas.  
Con voces de trebon alí GALICIA  
Soaba entre os estrondos  
Das armas e dos berros,  
E o longo abouxiamento po los ares  
Corria, e po la terra, e po los mares.  
Chegando o Capitolio, onde temian  
O fin de tan heróica constancia...  
E do Medulio os concos repetian  
¡Terror de Roma, horrores de Numancia! (1)

Unha grande maréa de barbárie  
Dimpois alá no Norte se ajuntando  
A enchente desbordou e sobre Roma  
Caiu, o seu poder asolagando.  
Eti, nobre GALICIA, resollando  
O loro infame ròmpes centenario  
E cinges a prim-ira a gran coroa  
C'o signo redentore do Calvario.  
Somente así quixeché a Reciario  
Soberano dos Suevos,  
E c' o os teus valentismos arotrevos  
Do mundo cristiano é a alegria,  
Fundando así a primeira monarquia.  
O cetro teu estolce repasaba  
Leon e Lusitania e a Castela  
E anque escurecida a tua estrela,  
A lengua tua di quen foches ante. (2)  
Pois inda en Portugal está reinante,  
E nos códigos mesmos castelanos  
A miles hay os termos galicianos.

Os Godos ja dos Suevos vencedores  
A Iberia gobernaron largo tempo;  
Mais sempre de GALICIA prezadores  
Po lo seu valimento,  
Lle daban ousequioso tratamento  
Por eso os fillos seus já se chamaban  
Os Príncipes entonces de GALICIA  
Que era a sua delicia,  
E aquí en *Pazos de Rey* se lle criaban. (3)  
Convindo ter de parte e por amigos  
Os qu' eran de temer como inimigos.

Cairon tamen eles do seu trono,  
Que nada está seguro acá na terra.  
E as faltas e crímes deles fono  
A causa de heredarnos triste guerra.  
O libro da esperencia non aterra  
Ós altos relaxados  
Que da moral se rín desprocatados  
E cuidan ser eternos  
Que nunca baixarán par' os infernos.  
A láslima é que sendo delinquentes  
Por eles o castigo paguen outros  
Que foron inocentes.  
Quedáran bén patentes  
Exemplos de Lucrecia e de Virginia  
Que o sangre seu verteron  
E povos encerideron.  
E fogo nos poderes atearon  
Aqueles que da afrenta se vingaron.  
Así afiando á Morte a sua gadaña  
En África incirrada e muy acerba

(1) V. Gándara lib. 1.<sup>a</sup> A. y T. de G.

(2) Mariana. Lib. V. c. 1.<sup>a</sup> y 3.<sup>a</sup> Puffendorf. intr.  
a l' hist. del' Un. p. 145. Sarmiento. t. XVI § 4917.

(3) Gándara lib. 2.<sup>a</sup>

Nun brinco se chantou acá en España  
Segando nas cabezas como en herba.  
Florinda lle gritára, que é testigo  
Da violacion infame de Rodrigo.

Dos Mouros o estandarte ja trunfante  
Pasea por España: o sabre corvo  
A heito leva todo por diante,  
Sin atopar atranco nin estorbo,  
Poñendo de Mahoma leis, costumes,  
E inxirindo en Castela novos numes.  
A santa religion contaminada  
Se víu ali, e a mesma lingua patria  
Con voces arabescas misturada.

Pero non foches ti, GALICIA amada,  
Quen o jugo sufriu tan afrentoso.  
Teu povo valeroso  
C' o fillo de Favila aquí nacido  
Un berro aterradora deu de guerra,  
Que espanto lle causou à gente perra.  
Em por eso algun tempo aquí pararon  
E fixeron destragos ben arreo;  
Mais nunca de sosego eles lograron  
Que sempre os axotaron  
As picas e bisarmas do terreo.  
Por adentro do seo  
Da patria e religion o fogo santo  
Na gente de GALICIA atéa tanto,  
Que morrer só deseja,  
Primeiro que sufrir á negra mingua  
De que os Mouros lle manchen a sua lingua.  
Nin as leis, nin costumes, nin a Igrexa.

Ciádos po los nósos e mallados  
Os lindes de GALICIA botan fóra  
Tocándolle a GALICIA ser señora  
Da reconquista po los seus soldados.  
En ela foron sempre sinalados,  
E ja en Leon un ascendente houbo  
Do Bon Guzman, que moribundo soubo  
Render o cólo ó alfange de Almanzore  
Antes de ser à patria vil traidore.

Ilustre fillo da leal GALICIA,  
Guillermo valeroso,  
Firme, constante, fiel, pondonoroso,  
Un ano inteiro rechazache o mouro,  
Sin que pudese reducrite o ouro,  
Que che ofrecia aquel batalladore  
Qué ó fin matoute; pero a sua cabeza  
Rodou ben presto en Catalañazore.

En todas partes, si, GALICIA soa  
Con gran alaudo po la valentia  
E nas historias a nobreza sua.  
Tuvo e terá sempre nombradía.  
Eles seguirón en tan santa empresa  
Fasta acabar c' os Mouros  
E en toda las batallas se atoparon,  
E c' o maior denodo pelearon  
De noite e mais de dia,  
Nas Navas, en Toledo... a sua espada  
Como rayo tremendo resplandia  
Por riba das murallas de Granada.

• Por eso li GALICIA regalada  
Po las tuas proezas e fazañas  
De privilegios foches sinalada  
Mais que ningunha gente das Españas.  
Por eso ainda agora os teus altares  
Ostentan sempre vivo o SACRAMENTO  
Que seja manifesto documento  
Da gloria dos gallegos militares.  
Por eso o regimento de GALICIA  
Que chaman o Señore  
A naide de este mundo lle rendia  
A bandeira, que Reina do valore  
Somente se rendia ó SALVADORE (1)

(1) Clonard. hist.org. dl . arm. de inf. y cab.

De blasons e de timbres resplandentes  
Po los montes e campos e ciudades  
De GALICIA se atopan muy frequentes  
Pregoando as suas altas cualidades  
Ilustres apellidos de nobreza  
E titulos de altisima grandeza,  
Que o maior privilegio arraiga nela  
De publicar os Reyes de Castela. (1)

En toda las edades os Gallegos  
De España muy leales defensores  
Probaron po lo mar e po la terra  
Que non se presentaban nun ha guerra  
Soldados mais valentes nin mellores.  
Gallego foi Fernando de Saavedra  
Que en campo de batalla a Alonso Enríquez  
Que Rey de Portugal foi o primeiro  
O fixo por sua man el prisioneiro.  
Gallego foi aquél que alá en Pavía  
A Francisco primeiro Rey de Francia  
Por entre os seus caballos se metendo  
E a mesma sua manopla lle collendo  
Entre os seus prisioneiro ali o facia;  
E tanto foi o honor e fidalgua  
Do soldado gallego Alonso Pita  
Que con carrage súpita inaudita  
De lado del se puxo por salvalo  
Dos qu' iban cometelo por matalo.  
Francisco Ilo atestou agradecido,  
E Carlos de Alemania Emperadore  
Mandou que sempre fosse distinguido  
C' as armas de Francisco o seu valore. (2)

Pois sendo os fillos teus tan sinalados  
En feitos de heroismo tan brillante,  
¡Por que vejo GALICIA o teu semblante  
Dorido e morno, os ollos apagados?  
¡Recéas ti de vernos cautivados  
Con pouco folgo agora no presente,  
E que a tua lanza limpia e resplaciente  
Non teña brazosinda preparados?  
O contrario este seculo che evidencia  
Na guerra da famosa independencia.

Inda hoje c' a reixa dos arados  
Ou os golpes tailantes do legon  
Escachan muitos osos dos soldados  
Do Atila d' esta edá Napoleon.  
San Payo foi o termo da invasion  
Que ali de Cotobade, de Morrazo.  
De GALICIA se ergueu o forte brazo,  
E con fouzas, bisarmas e gadañas  
Abate po lo chan vertendo sangre  
Os membras da gavilla das Españas.  
¡Atrás! ¡viva GALICIA!  
Berraba aquela súpita milicia,  
E Ney e Sül temblaron  
E fóra de GALICIA se escaparon. (3)

GALICIA regiment o paisanage  
E dentro de Santiago ja impacente  
Minerva se levanta resplaciente  
Gritando jás armas! chea de carrage.  
Os alumnos formando un oleage  
Sacoden os mantéus e voluntarios  
Diante do Apóstol juran todos  
Formando un batallon de literarios,  
Por patria e religion morrer mil veces  
Antes que o jugo sufren dos Franceses.

Aquel mundo de gente agergillado  
Nos campos de Castela se presenta  
E ali todo se alenta,  
E fólganse no peito os corazons  
De ver da sua esperanza a nova estrela

(1) Altamira.

(2) Gándara. 2.º pte. l. 4.º c. 8.º p. 541.

(3) V. Historia de Pontevedra p. G. Y.—Manifiesto de los Alumnos de Santiago en 1822. impr. Montero.

Ollando para os neses batallons:  
Betanzos, Mondoñedo, Compostela,  
Santiago, Pontevedra, Tuy, Ourense,  
E Monterrei, con outra mais milicia  
Debaixo da bandeira de **GALICIA**.

Ós vencedores de Austerliz e Jena  
Conversos eu gavilla sin exemplo  
Das nosas casas, e do noso templo  
Adoitos ó asoballo e a far saqueos,  
Cribounós méchos en revolto sangre  
**GALICIA** ó pé dos montes Pirineos.  
De ver tantos trofeos  
Wellinton asombrado  
C' o sombreiro quitado  
Ó invicto General gallego Freire  
Lle da a sua man, e dille arrebatabo:  
Feliz España, que con estes fillos  
Da escravitu jamais poñerá os grillos! (1)

Finada aquela loita ¿quien diria  
Que o trunfo nun momento  
En vez de regocille e de contento  
Un panó funeral o crubiria?  
Os héroes jay! e fieles defensores  
Da patria foron todos perseguidos,  
E gobernos traidores  
Lles deron de agasallo e de preséas  
Patibulos somente, e mais cadáeas.  
Seis anos ja levaba en triste pranto  
España que amarrada ó despotismo  
Escrava sin alento no crebanto  
Non daba ja señales de civismo;  
Cando un gallego ardendo en patriotismo  
O General Quiroga unido a Rego  
Uu grito santo da en Andalucía  
E torna España à vida e à alegría.

Pero jay! jaquel contento  
Cal lóstrego pasou en un momento!  
¡Volvendo muy aguña os fariseos  
Que gritan libertade a boca chea  
Detrás dos Pirineos  
E queren gobernar a casa allea!  
¡Cen mil deles viñeron  
E tendo ja o camiño preparado,  
Por degredo fatal de negro fado  
Seniores jay! de España se fixeron!

Pero ó entrar en **GALICIA**  
A gálica milicia,  
Na Cruña tiña posto o pensamento,  
Non julgando que ali non entraria  
Sin pagar muy bén caro o atrevimiento.  
Chegouse pois c' a sua artilleria  
Cuidando achar aberta  
A praza que c' a gente en bateria  
Paraba na defensa muy alerta.  
A garnicion esperta  
Visíumbra dibuxado en grandes sombras  
Po la porta de Albaixo e na de Arriba  
Quen ó frances reciba:  
É Marte c' a sua lanza relucente,  
Neptuno impetuoso c' o tridente.

Anque España ja toda está rendida,  
E casi tod' as prazas ja tomadas.  
E a libertá perdida  
Na Cruña vai a dar as boqueadas;  
Non pode consentir, o honor llo adita,  
Que o mais fero inimigo sin ver sangre  
Profane a gran ciudá de **Maria Pita**  
¡Oh heroína ilustre que cal Palas  
Armada te lanzache a Enrique Nòris  
E fugironche vinte mil ingreses!  
O genio teu alenta ós Herculianos  
En vinte e tres no sitio dos franceses.

(1) «Distinguidos sean los Gallegos hasta el fin de los siglos»... etc. Wellington en la proclama al 4.º ejército en Lesaca a 4 de Setiembre de 1813.

Achegados ja estes à inuralla  
Como un forno se encende a bateria  
Arrojando torrentes de metralha  
Que causan unha gran carniceria.  
E obrigan ó inimigo a retirarse  
Ós muíños de vento a prapetarse.  
Os cañons de ambos lados feitos brasas  
Non cesan de troar en muitos dias,  
Estralando na Cruña po las casas  
Vidreiras, e escachando as galerias.  
Os ecos se rebaten ás porfias  
En Santa Cruz, San Pedro, e po la Torre,  
No monte e po lo chano,  
E escorrendo nas olas o estrondo  
Da guerra cunde a sóa no Océano.

A Cruña fa a ceder ja sendo inútil  
A defensa alongar causando estragos;  
Mais nota que o inimigo  
Irado porque o fogo non afroxa,  
Coa ánimo infernal  
Comenza a disparar con bala roxa.  
E prende fogo á casa de Marsal.  
Como río que abócha na invernada  
E a borbollons debórcia, e leva a heito  
Canto topa diante na aveirada,  
Po las portas da Cruña opado o peito  
Sáhe a gente furiosa, e seavalanza  
Ó campo do inimigo bén resolta  
A morrer sin dar volta,  
Ou tomar do feitio unha vinganza.

De noite o campamento sorprendido  
Desprende un alarido  
De espanto e de terror de tal sorte  
Cal si no campo entrara  
C' a fouza degolando a negra morte.  
Os sitiados por entre os sitiadores  
Desúpito correndo se esparraman,  
E a coitelada, a tiro ali derraman  
O sangre dos crues encendeadores.  
¡A loita foi terribel ás escuras  
Matándose os franceses uns a outros  
En tanta confusión que n' outro dia  
Asombro lles causou tal escarmiento,  
Mirando para tal carniceria,  
Cravada a artilleria,  
Quedar en cadro o sete regimento!  
Ilustres Herculianos vós trunfastes,  
Anque logo dimpois capitulastes. (1)

Si os fillos teus os mesmos son agora,  
E tés tan ricas frores na tua abada,  
¿Porque te vejo así desmazelada  
**GALICIA**? ¡O folgo teu porque te acóra?  
¿Te dões de que muitos, ou Señora,  
Se ven laceradismos na probeza  
Sin poder disfrutar da tua riqueza,  
E se larguen da terra para fóra?  
¿Laméntaste de ver por esos mares.  
Os teus queridos fillos,  
Que lexos se van pór dos patrios lares  
Quizais a padecer en duros grillos?  
¿Tí choras vendo a outros sin piedade  
En cárceres morrendo  
Cajdos po la gran necesidade  
Cal si crime fixeran muy horrendo?  
¿Presomes de que chegue á eternidade  
A ley do contrabando cubizo,  
E que libres jamais a ver se tornen  
Os bens que o Céo danos londadoso?  
¿Con ollo lacrimoso  
Recorres as Salinas da tua costa  
Que deron a Salnés en otros días  
O nome, e abundancia ás tuas rías?  
¿Magóate esa venda carniceira

(1) La mitad de los sitiadores perecieron durante el sitio.

Que nas quintas se fai de substitutos  
Peór que a fan de negros, ou de brutos,  
Que se venden e mercan nunha feira?  
¡Afrigete o ódio desastroso!  
Que tolle fai set' anos os viñedos,  
Sin perdon do tributo tan gravoso  
Que fai chorar a feras e penedos...?

Non dubides, ou povo generoso,  
Non dubides que veñan os degredos  
Que sirvan de remedio a tantos males  
En esta edá presente,  
E que os justos principios eternales  
Te poñan bén alegre e frorecente.  
Non dubides se atreva a nova gente,  
Que a força de saber e de potencia  
Arremetiú a igrexas e conventos,  
Con muito mais valor e mais alentos  
A far tantas reformas de concencia.  
Pubrican a evidencia  
De faltas e de errores  
As luces espargidas nesta edade,  
E fai falla demostren a verdade  
Contando c' a esperencia  
Os que dela pretendan ser doutores.

Alenta pois, GALICIA, que os albores  
Se ven ja relucir de novos dias,  
Que cantarán brillantes trovadores  
C' a lira deleitosa de Macias:  
Prepara o corazon ás alegrías  
Que esperimentarás en tal momento  
Mirando o incremento  
Que tomen o comerzo, industria e artes,  
Ea madre da abundancia e da fartura,  
De ingratos esquecida, a agricultura,  
Levando a via ferra a todas partes  
Abondo de riqueza, e novas obras  
Produeto das virtudes e talento  
No vèrse de Feixô e de Sarmento.

Un povo que é leal e virtudoso,  
Humilde e obdiente á autoridade,  
Que os Reis probado tén fielidá  
E que mais que ningun é religioso,  
Que no perigo acorre valeroso  
A defensa da Patria e mais da Fé;  
Merece que o Goberno que tal ve  
Non se lle amostre nunca riguroso.

Alenta pois, GALICIA,  
Na fonte da verdade e da justicia.  
A fror consoladora da esperanza  
Non se mucha sinon en fraca mente.  
O corazon magnánimo valente  
Non se rende os dolores de unha frida,  
Recroba no infortunio nova vida,  
E os maiores riveses ponlle frente  
Serena imperturbábel e sofrida.  
Alenta pois, GALICIA,  
Na fonte da verdade e da justicia.

O tempo que se vén, ó que despide  
Lle dá a sua man e sóltaa decontado,  
Reinando o novo fado  
Sin contas dar a naide que non pide.  
A roda da Fertuna corre e mide  
Ó seu antoxo tod' os bens e males,  
Que espARGE ergiendo e derrumbando arreo  
Sin dar delo sinales,  
Que solo sabe Deus alá no Céo.  
Os ricos, potentados, e valentes  
Os Reis e Emperadores,  
Os povos que se gavan frorecentes  
Nun ¡ay! mil sinsabores  
Presinten, e laxados de dolores  
Se ven decér de cumes eminentes.

De Troya os muros, pazos e habitantes  
Barreunos po o chan horribel fogo:

De volta os Gregos tolos de trunfantes  
Do gozo repentina ven o afogo,  
Cubrindo-se ¡ay! o triste Agamenon  
C' os barcos seus de fúnebre crespon!  
¡Valente foi o povo de Moisén  
E Babilonia o viu entre cadeas  
Barado e morno, o seu perdido bén  
Chorar a fio vindo as vagoas cheas  
Suspírar e gemer Jerusalém!  
¡E o que de roubos fixo o Capitalio!  
Que o mundo todo sujetou tirano,  
Rachado viu o seu inmundo solio,  
E opar trunfante o humilde Vaticano!..

Mais em por eso aléntase a esperanza  
No vai e vén das cousas de este mundo  
Que troca arreo os pesos da balanza,  
E cando o baixo avanza,  
Vén o de arriba para o mais profundo.  
De aquel Napoleon que sin segundo  
Foi inclito guerreiro,  
Ninguen diria que o amarrára a sorte  
Na fianza nobre en inimiga Corte  
Que muy mezquina o grande prisioneiro  
Longe de Europa lle entregou á morte.  
Nin quen pensára que Turin veria  
Lle amanecer de fausto un novo sole  
Que aguña o reparára  
Das perdas que tivera alá en Novara  
Derrubando tan só a Sebastopole...?

Non te acóres ti pois, nobre GALICIA,  
Qu' inda rebulen teus robustos membros:  
Confia no direito e na justicia:  
Desdobra o rico manto da tua gloria  
Lucente nesa cónda de relembrós  
Que de ti garda a tradicion e a historia.  
Quizais teus fillos inda che precuren  
Un novo menemento,  
E ardendo no amor patrio que eu chejuro  
Resóe traspasando o firmamento  
O nome de GALICIA santo e puro.

Qu' é dóce halar c' a sede da justicia,  
É dóce halar da caridá c' a séde,  
Fugir do encontro de dourada réde  
Que mais encrobe as mallas da malicia,  
Da pesoña e injusticia:  
É dóce halar por quen como nos fala,  
É dóce halar por quen nos faga o bén,  
É dóce halar por quen como nós hala  
Sin desejar o mal para ninguen.  
Repítalo outra vez, direíno cén,  
Qu' é santo, é justo, é puro, é inocente  
De cote halar, e halar de corazon  
Por nosa patria, e mais da nosa gente  
Por conservar a fama e religion.

*In hoc misterium fidei firmiter profitemur.*

Il· aquí non nos arrimcan herejes nin gentios,  
Nin tod' os protestantes con mouros e judios.

*Juan Manuel Pintos.*

Editor responsable,  
**D. FRANCISCO DE LA IGLESIA.**

IMPRENTA DEL HOSPICIO:  
á cargo de Mariano Marcos y Sancho.